

EDUARDO VINCENTI



Este político galego do tempo da Restauración decimonónica, naceu en A Coruña en 1857 e morreu en Madrid en 1924.

Eduardo Vincenti, logrou rematar os estudos de dereito na Universidade de Santiago, desenvolveu despois unha notable carreira política: parlamentario, director xeral de Administración e Fomento do Ministerio do Interior, Director Xeral de Ensino Primario, concelleiro e alcalde de Madrid, presidente do Consello de Instrución Pública, e vicepresidente primeiro do Consello de Ministros. Renovou a súa acta de deputado en quince ocasións ata 1923. Estivo casado con Dolores Montero Villegas, filla de Eugenio Montero Ríos, con quen fixo tándem político en moitas ocasións.

Militou no Partido Liberal, sendo deputado pola provincia de Pontevedra desde 1886 e ata o seu falecemento. En calidade de tal, ocupouse a miúdo de asuntos relacionados co desenvolvemento da agricultura e das cuestións sociais afectadas, chamando a atención neste caso sobre a necesidade de transformar a propiedade da terra rexida polo sistema foral en propiedade libre (algo que afectaba singularmente aos labregos de Galicia), sendo por este motivo polo que presentou e defendeu contra os

criterios conservadores, en 1907, unha importante proposición de lei sobre foros e subforos.

Pero tamén, tivo unha viva preocupación polo desenvolvemento da educación, como puxo de manifesto nas múltiples intervencións parlamentarias que reuniu nun amplo texto editado en 1916, nas intervencións realizadas desde a presidencia de diversas Asembleas nacionais e rexionais e de diversos congresos de interese pedagóxico, e mesmo en varias intervencións internacionais como representante do Goberno español.

Eduardo defendía a necesidade de introducir reformas relativas á gratuidade e obrigatoriedade da educación, á educación das mulleres, á educación técnica e de adultos, á educación especial...

(Información recollida en "Álbum da Ciencia")

Foi iniciativa de Vincenti, o establecemento dunha liña de vapor que de xeito irregular comunicaba Vigo con Cangas transportando viaxeiros e mercadorías, dende 1899. O billete de pasaxeiros custaba 35 céntimos de peseta.

Eduardo Vincenti visitou Cangas en xuño de 1916, ao remate das obras do porto. Nesta ocasión os comerciantes demandáronlle a construción dunha praza de abastos, para a que xa andaban a buscar emprazamento na vila.